

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

O VI CONGRESO CULTURAL CELÉBRASE ESTA FIN DE SEMANA

Tradición oral e musical na Terra Chá

Este venres e sábado vaise celebrar a sexta edición do Congreso Cultura da Terra Chá, que organizan a Fundación Manuel María e mais a [Asociación Cultural Xermolos](#). Este ano, as conferencias que se van pronunciar durante dous días vanse centrar nos Sons e palabras da tradición. O acto inaugural será o venres, ás seis da tarde, na casa da cultura do Castro de Ribeiras de Lea. Nel, Mini e Mero, do grupo [A Quenlla](#), falarán arredor da música.

- 12:41 28/11/2006

O sábado ás once da mañá, na casa da cultura de Vilalba, Antón Reigosa referirase á tradición na rede e presentará [Galicia Encantada](#), enciclopedia *online* da fantasía popular de Galiza da que é coordinador. Deseguido, Xosé Miranda pronunciará unha charla sobre os contos de transmisión oral. Despois dun xantar na Casa do Labrego de Baamonde, Xoán Cuba falará das lendas da auga na Terra Chá no albergue da localidade. A asistencia ás actividades é gratuíta, agás o xantar, que custará 15 euros. A data límite para apuntarse é o xoves 30 de novembro.